

Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**PONTEVEDRA**

**Persoal, oposicións**

*RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NOS PROCESOS SELECTIVOS DÚAS PRAZAS ADMINISTRATIVO/A, E UNHA PRAZA AUXILAR ADMINISTRATIVO/A, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA*

### *A N U N C I O*

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 26/04/2021 ditou a seguinte resolución:

*Número de expediente:2021/PROCESOSELECTIVO/000003*

*2021/PROCESOSELECTIVO/000005*

*“RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E SE FIXA A DATA DE CONSTITUCIÓN DOS TRIBUNAIS E DOS PRIMEIROS EXERCICIOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL E UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA*

Por Resolución da Concelleira Delegada do Servizo de Persoal e Cultura (publicada n o BOP núm.66, do 9 de abril de 2021) aprobáronse as listas provisionais de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e a composición dos tribunais dos procesos selectivos convocados para cubrir dúas prazas de administrativo/a de administración xeral e unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral, incluídas na OEP do ano 2020, pola quenda de promoción interna

De conformidade co previsto nas Bases da Convocatoria, RESOLVO

*Primeiro.-* Aprobar as listas definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as dos procesos selectivos convocados.

**PRAZA: ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (2 PRAZAS)**

*ASPIRANTES ADMITIDOS/AS*

- 1 CARRASCO COUSELO, MARÍA
- 2 LÓPEZ FERRO, OLGA MARÍA



Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS*

A seguinte aspirante resulta excluída polas causas establecidas na resolución provisional de admitidos de data 6/04/2021 ao non emendar correctamente os defectos que motivan a súa exclusión.

- 1 SOUTO TOBÍO, VALERIA

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)***ASPIRANTES ADMITIDOS/AS*

- 1 BARCIELA BALADO, CLARA
- 2 CÓRDOBA DÍAZ, MARÍA CELIA
- 3 DURÁN PENABAD, ANA MARÍA
- 4 POLO PUIG, BEATRIZ
- 5 PORTELA SABAJANES, MARTA

*ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS*

Ningún

*Segundo.*- Corrección de erro detectado en relación coa composición do tribunal do proceso selectivo convocados para cubrir unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral, incluídas na ampliación da OEP do ano 2020, pola quenda de promoción interna.

No apartado terceiro da Resolución desta concellería de goberno de data 06/04/2021 no que se aproba a composición dos tribunais dos procesos selectivos convocados para cubrir dúas prazas de administrativo/a de administración xeral e unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral, incluídas na ampliación da OPE do ano 2020, pola quenda de promoción interna (publicada no BOP núm. 66 de data 09/04/2021) detectouse un erro material, relativo ao Servizo municipal (Servizo de Arquivo) no que presta servizos un dos vogais suplentes do tribunal do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo pola quenda de promoción interna.

En consecuencia, ao abeiro do artigo 109.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, rectifícase o devandito erro, nos seguintes termos:



Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

*Onde dí:*

“(…)

*Terceiro.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-*

Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados quedarán integrados da seguinte forma:

(…)

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA 1 PRAZA**

*Presidente:*

- Dona Encarna Dapena Losada, xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jose Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario da administración municipal do Concello de Pontevedra.

*Secretaria:*

- Dona Eva Córdoba Márquez, xefa de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente María del Carmen Quintáns Graña, administrativa xefa de negociado do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.

*Vogais:*

- Dona Beatriz Claro Samaniego, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente Mónica Pardo Lázara, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra.

- Don Luis Fernando Álvarez Vilariño, administrativo xefe de negociado do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don José Rosales Sueiro, administrativo xefe de gastos do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra.

- Don Miguel Angel Rodríguez Baquero, administrativo xefe de negociado do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Manuel Angel del Río Fernández, xefe de negociado do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.



Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

*Debe dicir:*

“(…)

**TERCEIRO.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-**

Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados quedarán integrados da seguinte forma:

(…)

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA 1 PRAZA**

*Presidente:*

- Dona Encarna Dapena Losada, xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jose Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario da administración municipal do Concello de Pontevedra.

*Secretaria:*

- Dona Eva Córdoba Márquez, xefa de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente María del Carmen Quintáns Graña, administrativa xefa de negociado do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.

*Vogais:*

- Dona Beatriz Claro Samaniego, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente Mónica Pardo Lázara, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra.

- Don Luis Fernando Álvarez Vilariño, administrativo xefe de negociado do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don José Rosales Sueiro, administrativo xefe de gastos do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra.

- Don Miguel Angel Rodríguez Baquero, administrativo xefe de negociado do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Manuel Angel del Río Fernández, xefe de negociado do Servizo de Arquivo do Concello de Pontevedra.

(…)”

Quedan subsistentes os demais extremos da devandita resolución.

*Terceiro.-* Determinar a data en que terá lugar a constitución dos Tribunais cualificadores e a celebración dos primeiros exercicios:



Martes, 4 de maio de 2021

Núm. 83

**PRAZA: ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA(2 PRAZAS)**

Constitución do Tribunal e baremo de méritos: o día 7 de maio de 2021, ás 11:00 horas na Sala de reunións do edificio administrativo situado na rúa Ferreiros, núm. 28-30, primeiro andar.

O primeiro exercicio terá lugar o día 11 de maio de 2021, ás 13:30 horas na Sala Bolechas da Casa da Luz, situada na Praza da Verdura, soto.

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL  
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA(1 PRAZA)**

Constitución do Tribunal e baremo de méritos: o día 3 de maio de 2021, ás 11:30 horas na Sala de reunións do edificio administrativo situado na rúa Ferreiros, núm. 28-30, primeiro andar.

O primeiro exercicio terá lugar o día 7 de maio de 2021, ás 12:00 horas na Sala Liñares da Casa Azul, situada na rúa Sor Lucía, primeiro andar.

*Cuarto.-* Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

*Quinto.-* Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente resolución."

